

PENSIÓNS PÚBLICAS, DIGNAS, XUSTAS E SUFICIENTES. Nin recortes nin privatizacións.

(Chamamento conxunto das organizacións de pensionistas do Estado Español)

29/04/2021

*Despois de varias xuntanzas e contactos entre asociacións e plataformas de pensionistas dos diversos Pobos e Comunidades do Estado, coincidimos na urxencia e na necesidade de organizar unha grande mobilización o día 29 de maio para exixir **Pensións Públicas dignas, xustas e suficientes.***

Cada día que pasa sen garantir o Sistema Público de Pensións e sen pensións públicas dignas, xustas e suficientes, redúcense as prestacións e facilítanse novos recortes.

Cada día que pasa sen derrogar as reformas tanto laborais como de pensións medra a precariedade, a desigualdade e a pobreza.

O Goberno do Estado ten a responsabilidade de tomar a iniciativa para garantir as nosas demandas, e os Gobernos e Parlamentos das Comunidades Autónomas teñen que facer todo o preciso para que así sexa.

Nesta situación, en todos os Pobos e Comunidades do Estado, **chamamos a saír á rúa o día 29 de maio** para manifestar a nosa firme vontade de exixir as reivindicacións que levamos reclamando desde hai máis de tres anos con mobilizacións permanentes.

A pandemia que estamos padecendo puxo en cuestión o noso dereito á saúde e miles de persoas maiores e pensionistas pagaron coa súa vida a improvisación, os recortes e deficiencias dos Sistemas Públicos de Saúde; **o día 29 recordaremos ás persoas que xa non están con nós** e exixiremos garantir o noso dereito e o de toda a cidadanía á saúde; **os nosos dereitos como persoas maiores e pensionistas, non caducan coa idade**, e a exixencia dunha vida digna e saudábel forma parte das nosas reivindicacións.

Coincidimos en exixir que se cumpran as promesas realizadas para garantir pensións e salarios dignos, **derrogar os recortes das Reformas de Pensións de 2011 e 2013 e as Reformas Laborais de 2010 e 2012**, e asegurar **pensións públicas mínimas e salario mínimo suficientes** que permitan ás persoas sen distinción de xénero acceder a unhas

condicións de vida dignas. Reclamamos que se adopten medidas eficaces para **erradicar a fenda de xénero** en salarios e pensións. Rexeitamos os novos recortes que se anuncian para 2021 aos que deu cobertura o **Pacto de Toledo** e opoñémonos totalmente a que as cotizacións sociais se privaticen en fondos privados de pensións, como pretende o **ministro Escrivá coa súa proposta de Plans de Pensións Privados de Empresa**.

Exiximos que se faga o que sexa preciso para que as reivindicacións que estamos reclamando coas nosas **mobilizacións desde hai máis de tres anos** se fagan realidade.

Coincidimos en traballar desde a diversidade e o respecto ás decisións de cada Pobo e Comunidade; **invitamos a participar nesta mobilización** a todas as plataformas de pensionistas e pedimos a implicación das organizacións sociais, sindicais, feministas y da mocidade que partillen estes obxectivos.

Hoxe 29 de abril facemos público este **chamamento á mobilización do 29 de maio** desde as diferentes plataformas de pensionistas que o subscriben ou que o fagan máis adiante. De todo isto daremos información concreta nas comparecencias públicas que imos realizar nos diferentes Pobos e Comunidades do Estado.

Promotores de la mobilización:

- **MODEPEN:** "Movemento Galego en Defensa das Pensións e os Servizos Públicos"
- **Movemento de Pensionistas de Euskal-Herria** (Bizkaia, Gipuzkoa, Araba e Nafarroa)
- **MADPP:** Movemento Andaluz en Defensa das Pensións Públicas
- **COESPE:** "Coordinadora Estatal en Defensa das Pensións Públicas"
- **Plataformas de Pensionistas en Defensa do Sistema Público de Pensións de Móstoles, Badajoz, Alcoià-Comtat e Zarauz.**